



REAL ACADEMIA GALEGA

Convenio de colaboración para o deseño e execución dunha exposición sobre o 50 aniversario da instauración do Día das Letras Galegas

REUNIDOS

A **Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera** na súa condición de presidenta do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia,

D. Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e do seu Presidente; na súa redacción dada por Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento no Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

D. Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, con CIF Q1568003F, actuando en representación dela en virtude do seu nomeamento acordado na Xunta Extraordinaria de 20 de abril de 2013 e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 25 dos Estatutos desta institución aprobados polo Real Decreto 271/2000 de 25 de febreiro.

Todas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.

O Parlamento de Galicia posúe unha colección de 51 medallas conmemorativas do Día das Letras Galegas, unha por cada un dos escritores e escritoras homenaxeados nesta celebración desde hai medio século. As medallas, enmarcadas, son obra do debuxante e caricaturista Siro López e do escultor Manuel Ferreiro Badía.

Ao cumprirse o 50 aniversario da instauración, por parte da Real Academia Galega, do Día das Letras Galegas, as tres Institucións asinantes deste



REAL ACADEMIA GALEGA

Convenio consideran de interese organizar unha exposición conmemorativa desta efeméride.

Esta actividade enmárcase nos actos programados polas diferentes institucións cando se cumpre o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* e o 50 aniversario da instauración do Día das Letras Galegas.

Segundo. Material que integrará a exposición

- 51 medallas conmemorativas do Día das Letras Galegas, expostas habitualmente no Parlamento de Galicia.
- Breve perfil de cada un dos homenaxeados ao longo deste medio século de historia.
- Panel introdutorio explicativo.
- Paneis anunciadores da exposición.
- Vídeo divulgativo sobre a historia e o significado do Día das Letras Galegas.
- Catálogo da exposición, en papel e en soporte dixital para publicar nas páxinas web das tres institucións.

Para este fin, as tres institucións acordan asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

Cláusulas

Primeira.- O Parlamento de Galicia asume a contratación e o financiamento dos traballos necesarios para a organización desta exposición, que terá carácter itinerante. Asumirá os gastos derivados desa itinerancia e formalizará un seguro ante as eventualidades que poidan xurdir. Tamén cederá temporalmente para a mostra as 51 medallas conmemorativas do Día das Letras Galegas que obran en poder da institución.

Segunda.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a elaborar un vídeo sobre o Día das Letras Galegas que se proxectará na exposición. O seu contido será determinado por acordo das tres institucións asinantes deste convenio.

Terceira.- A Real Academia Galega facilitará os textos dos persoeiros homenaxeados nos 51 anos de historia do Día das Letras Galegas, que se



REAL ACADEMIA GALEGA

amosarán na exposición e logo se incluírán no catálogo da mostra, e elaborará o texto do panel introdutorio explicativo da exposición.

Cuarta.- O material expositivo amosarase inicialmente no Parlamento de Galicia e logo percorrerá as diferentes entidades e institucións interesadas en acoller este material.

O calendario expositivo será fixado por acordo das tres institucións participantes e calquera delas poderá efectuar propostas de lugares e datas.

Quinta.- O material que integre a exposición incluírá os logotipos das tres institucións participantes na mesma.

O catálogo da mostra incluírá cadanseu prólogo dos presidentes do Parlamento de Galicia, da Xunta de Galicia e da Real Academia Galega.

Sexta.- Cando a exposición comece a súa itinerancia, poderanse organizar actos divulgativos paralelos como charlas, conferencias ou coloquios, orientados especialmente aos nenos e mozos para fomentar o seu interese pola lingua a literatura e as institucións de Galicia.

A exposición será inaugurada no Parlamento de Galicia nunha data a determinar do terceiro cuadrimestre de 2013.

Sétima.- Duración

Este Convenio de colaboración estará vixente durante un ano dende a data da súa sinatura prorrogable tacitamente por períodos iguais, salvo que a exposición se clausure antes, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen cun mes de antelación polo menos.

Oitava. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada unha das institucións asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.



REAL ACADEMIA GALEGA

Novena.- Resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.

Décima.- Réxime Xurídico.

Este acordo ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; de conformidade co establecido no seu artigo 8.3, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

En proba de conformidade asínase o presente convenio por cuadruplicado en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 2013.

D^a Pilar Rojo Noguera, Presidenta do Parlamento de Galicia

D. Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

D. Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega